

Breve percorrido pola banda deseñada vasca

Iratxe Retolaza

[Recibido, abril 2007; aceptado, abril 2007]

RESUMO Nestas páxinas ofrécese unha visión xeral da banda deseñada vasca, a producida en éuscaro, dende os seus antecedentes máis remotos a finais do século XIX até as súas achegas máis significativas a comezos do século XXI. Como se comenta ao longo das seguintes páxinas, a banda deseñada vasca estivo dedicada durante moito tempo a fins didácticos e moralizantes, e polo tanto, foi case exclusivamente produto para nenos. Esta situación perpetuouse case até ben entrada a década dos setenta. O (re)xurdir cultural que xa dera os seus primeiros pasos nas décadas dos cincuenta e sesenta incrementouse cunha rapidez e cunha calidade sen igual nesa época de transición política en Hegoalde. Tras ese rexurdir de finais dos anos setenta e comezos dos oitenta, descendeu a calidade, a produción e a atención á banda deseñada na década dos noventa. Pero co comezo do novo século, apareceron achegas sen precedentes en calidade, e, sobre todo, o sistema literario vasco parece retomar o seu interese polo xénero cómico.

PALABRAS CLAVE: banda deseñada, cómic, Historia do cómic no País Vasco.

ABSTRACT This article offers an overview of Basque comics—those using the Basque language—from its earliest manifestations at the end of the 19th century to the most significant examples of its output at the beginning of the 21st. The Basque comic strip was used for didactic and moralistic ends for a long period, and, in consequence, it was aimed at children. This state of affairs continued until well into the 1970s. The cultural revival which had started to surface in the 50s and 60s took off with astonishing speed and quality during this period of political transition in Hegoalde. Following this revival of the late 70s and early 80s, there followed a falling-off in the quality, production and popularity of the comic in the 90s. However, with the dawn of the new century, new productions of unprecedented quality hit the scene, and, most importantly, the Basque literary system seems once more to be clasping the comic-strip genre to its bosom.

KEY WORDS: comic, Basque comic strip History.

0. Introducción

Como ben sinala o título deste artigo, o obxectivo vai ser ofrecer unha aproximación á banda deseñada en vasco, entendendo como tal a producida en éuscaro. Un obxectivo non falto de problemas, por diversas razóns.

En primeiro lugar, débese ter en conta que aínda non se publicou un estudo amplo e rigoroso sobre este fenómeno cultural vasco. Non hai amplas aproximacións históricas que traten este xénero, e menos aínda que tracen unha historiografía da banda deseñada en éuscaro, e unicamente en éuscaro. As poucas aproximacións histórico-críticas que abordan este xénero tratan en xeral a banda deseñada publicada no País Vasco, indistintamente da lingua de produción. Este criterio de selección do corpus é moi xeral á hora de se aproximar á banda deseñada, e evidencia unha clara tendencia a primar a imaxe sobre a palabra. A diferenza da tendencia máis consolidada na historiografía literaria vasca de seleccionar o corpus segundo a lingua de produción, por tanto, as perspectivas históricas que se achegaron á banda deseñada vasca fixérono con outros criterios e con outras perspectivas. É dicir, na maioría destas aproximacións históricas, a banda deseñada foi tratada como un xénero non vencellado ao eido literario, e a maioría das lecturas que se fan nestas aproximacións históricas fundaméntanse no grafismo, e vencellan a banda deseñada sobre todo á historia do grafismo vasco e non tanto á historia da literatura vasca, e das expresións literarias. De feito, os artigos máis recentes publicados sobre a banda deseñada vasca dende unha visión histórica recolléronse nunha publicación máis ampla, exactamente nunha enciclopedia que trata as artes aplicadas: *Arte aplikatuak*¹. Nestes volumes nos que se tratan as artes plásticas en xeral, ofrécense dous artigos sobre a banda deseñada vasca, ambos ofrecen unha visión histórica do xénero, pero como é de esperar, a banda deseñada vencéllase sobre todo ao eido das artes gráficas. De todas maneiras, ao seren estes dous artigos² os traballos máis recentes, actualizados e rigorosos sobre a banda deseñada vasca, van ser unha fonte básica na que vou basear esta proposta.

¹ *Artes aplicadas*, 2005, 4 volumes, Ostoa.

² Os dous artigos nos que se vai basear parte desta exposición son os seguintes: "Aproximación a la historia del cómic en Euskadi (1936-2004)", de José María Unsain e Carlos C. Barro (2005a), in *Arte aplikatuak II/Artes aplicadas II. Ilustraciones, carteles, cómics*, Ostoa, Lasarte, 106 páxinas; "El humor gráfico en la prensa de Bilbao y San Sebastián (1865-1936)", de José María Unsain (2005b).

Evidentemente, este predominio do enfoque gráfico sobre o literario, este predominio da imaxe sobre a palabra condiciona a lectura histórico-crítica do xénero, como ben se poderá observar nesta panorámica, que procura vencellar a banda deseñada vasca ao sistema literario vasco, e por tanto, quere reivindicar a súa achega literaria.

Por outra banda, todas estas aproximacións históricas centráronse nunha época concreta, e non teñen intención ningunha de abarcar toda a produción cómica en éuscaro, e así, escribíronse monografías sobre unha época concreta como *30x30 gure komikiaren tamaina/dimensiones de nuestra historieta* [Díaz de Gereñu 2006b] (<http://www.crashcomic.com/30x30/index.htm>), ou sobre unha revista concreta *Habeiko Mik: tentativas para un cómic vasco* [Díaz de Guereñu 2006a]. E normalmente, a época tratada na maioría dos monográficos condiciona esa mesma visión da banda deseñada, e ademais, non buscan a relación desa época con outras anteriores ou posteriores. É dicir, esas monografías ofrecen visións históricas parciais da banda deseñada vasca, tanto ao nivel de produción como ao nivel do sistema.

Polas citadas razóns, este traballo simplemente é un primeiro paso para encher eses baleiros. En primeiro lugar, este breve artigo tentará ofrecer unhas bases xerais para unha lectura histórico-literaria da banda deseñada vasca que abrangue amplamente a súa cronoloxía (dende os seus precedentes máis destacábeis a comezos do século XX, até as súa achegas máis significativas a comezos do século XXI), e en segundo lugar, tentará trazar unha liñas na tradición da banda deseñada vasca, unha tradición que penso está moi condicionada á lingua de produción e as contribucións nesta tradición lingüística. Na miña opinión, a lingua de produción condiciona os temas, as formas, as lecturas e a mesma visión do xénero, e a opción do éuscaro como lingua de produción sitúa os produtores de banda deseñada nunha tradición concreta. É dicir, o medio mesmo vese condicionado pola lingua escollida. De todos os xeitos, como a banda deseñada producida en éuscaro tivo relacións coa producida en castelán (non tanto coa producida en francés), neste traballo moitas veces faranse precisións sobre a banda deseñada en castelán producida no País Vasco, pola relación establecida entre ambas as producións e tradicións culturais.

Pero, este rápido percorrido non pretende pechar camiños na lectura da banda deseñada vasca, senón abrir camiños até agora pouco visitados. E sobre

todo, pretende subliñar algunhas características propias da súa evolución para poder entender a situación actual deste xénero no País Vasco e en éuscaro.

Aínda que irei até o século XIX para trazar a visión histórica da banda deseñada vasca, non é a miña intención mostrar ou revisar unha tradición invisibilizada. Non é esa miña intención. Aínda hoxe, a banda deseñada non é un xénero consolidado no sistema literario vasco, por moitas razóns. É verdade que nestes últimos anos déronse pasos moi importantes cara a unha futura consolidación e afianzamento, pero non é a situación actual. Asumindo esta situación do xénero, penso que é preciso analizar os antecedentes gráficos-literarios da banda deseñada vasca, porque poden ofrecer características para entender o desenvolvemento de temáticas e enfoques da banda deseñada moderna.

Por tanto, procurarei ofrecer unhas chaves para a lectura da banda deseñada vasca dende o sistema literario vasco, e tentarei definir a súa achega neste eido literario.

1. Antecedentes e primeiras tentativas

Para entender axeitadamente o desenvolvemento da banda deseñada vasca³, cómpre ter en conta a situación sociolingüística da lingua de produción e a situación socio-política na que xurdiron os antecedentes da banda deseñada vasca e mesmo as primeiras tiras cómicas da prensa. Estas características e condicionantes deixaron pegada na tradición da banda deseñada vasca, como tentarei mostrar nestas páxinas.

1.1. Antecedentes da banda deseñada na prensa do País Vasco

Como é ben coñecido, o desenvolvemento da banda deseñada en Europa e en Estados Unidos, estivo vencellada á importancia que foi tomando a imaxe na prensa escrita, e concretamente, á fusión entre debuxo e escrita que se fomentou a finais do século XIX. Tendo en conta a orixe do xénero, é preciso establecer a súa relación coa prensa, para entender toda a súa dimensión e as

³ A partir de agora cada vez que empregue a denominación "banda deseñada vasca" referireime a banda deseñada producida en éuscaro.

súas primeiras características narrativas. Deste xeito, é de esperar que o desenvolvemento da banda deseñada vasca, estea vencellado ao desenvolvemento da prensa en éuscaro. Certo é, vencellado á prensa e condicionado pola súa sorte.

Como indica Javier Díaz Noci (1994), a consolidación dunha verdadeira prensa en éuscaro chega ben entrado o século XIX, e ademais, aparece vencellada ás formas protoperiodísticas. O éuscaro incorporouse moito máis tarde ao periodismo, e por tanto, tamén son serodios os xéneros nos que se produce tal incorporación. Por iso, nesas días nos que *Yellow Kid* daba vida ao primeiro cómic dos Estados Unidos, a prensa vasca nin se preocupaba case pola imaxe como posíbel forma de apoio ao texto⁴.

1.1.1. A prensa no País Vasco a finais do século XIX: o humor gráfico e as primeiras historietas

De todas maneiras, noutras publicacións periódicas do País Vasco⁵, en publicacións producidas en castelán, ás veces incorporáronse pouco a pouco páxinas e textos en éuscaro.

Ademais, a finais do século XIX, o humor gráfico comezou a estar moi presente na prensa do País Vasco, e malia as súas limitacións, houbo colaboracións gráfico-literarias a destacar. Neste auxe do humor gráfico (do chiste e mesmo de simples historietas), o emprego do éuscaro tivo importancia de seu, xa que esta integración do éuscaro nas publicacións periódicas producidas fundamentalmente en castelán axudou a fomentar o cultivo do éuscaro na prensa. Ademais, hai que ter en conta, que as páxinas e textos en éuscaro aparecidos nesas publicacións periódicas eran maiormente textos literarios, caricaturas e tiras cómicas. É dicir, textos considerados máis accesíbeis para os lectores vascofalantes non tan afeitos á lectura. Por tanto, vai ser nalgunhas destas publicacións periódicas, onde se van publicar os primeiros antecedentes da banda deseñada en éuscaro.

⁴ Pero hai que ter en conta que non se conservan moitas das publicacións periódicas de finais do século XIX e principios do século XX, e que de moitas delas soamente temos referencias e comentarios.

⁵ Na prensa española durante a segunda metade do século XIX e os primeiros anos do XX houbo un desenvolvemento importante da ilustración e do humor gráfico. Para máis información José María Unsain (2006b).

O emprego do éuscaro no humor gráfico destaca sobre todo na prensa de San Sebastián⁶. O bilingüismo destas publicacións vai axudar ao fomento da banda deseñada en éuscaro, xa que serán estas revistas as que acollan os primeiros pasos cara á banda deseñada, cara á integración narrativa da palabra e da imaxe. Nesas publicacións da capital guipuscoana apareceron chistes cunha estrutura moi parecida ás aleluias, que pouco a pouco foron integrando elementos gráficos e narrativos máis ligados ás formas da banda deseñada. Antecedentes deste tipo son os chistes de anécdotas ordinarias aparecidos en revistas satíricas e festivas da época, como el *El Thun Thun* (1894), *El Aurresku* (1894) ou *San Sebastián Cómico* (1896). Nestes semanarios satíricos destaca o labor de Bitoriano Iraola (Pasajes San Juan, 1841-San Sebastián, 1919). En *El Thun Thun* Iraola encargouse integramente da parte gráfica, e colaborou con escritores coñecidos como Marcelino Soroa, Pepe Artola e Antonio Arzak. Bitoriano Iraola tamén era poeta e dramaturgo e creou chistes gráficos tanto en castelán como en éuscaro. De feito, daquela os escritores e os grafistas publicaban indistintamente en éuscaro e en castelán. Ademais, moitos dos grafistas destas publicacións eran escritores e promotores de movementos culturais e literarios da cidade.

118

Bitoriano Iraola foi máis expresivo nos chistes gráficos que noutras manifestacións, a principal carga humorística depositouse nos diálogos, o seu humor baseábase sobre todo nos recursos literarios. Os personaxes habituais dos seus chistes eran os pícaros, e personaxes máis marxinais, e algunha que outra vez os galáns. *El Aurresku* e *San Sebastián Cómico* foron publicacións herdeiras de *El Thun Thun*.

En 1907 publicouse a primeira historieta en éuscaro, “On Kosmerentzat” [Para don Kosme]. Esta historieta creada por Bitoriano Iraola apareceu na revista *Baserritarra* [O labrego]. Como se aprecia no título, a revista trataba da vida rural e achegábase ao punto de vista dos labregos. Por tanto, nestes primeiros chistes nos que se contaban anécdotas cotiás con humor, a visión creada achegábase á vida rural e á visión rural da cidade, e os vascofalantes relacionábanse con esa visión rural. A temática destes antecedentes será unha temática moi cultivada na banda deseñada vasca das seguintes décadas.

⁶ Conserváronse máis publicacións periódicas da prensa donostiarra desa época. A produción da prensa de finais do século XIX doutras cidades foi case exclusivamente en castelán, polo menos, nos números de publicacións que se conservan (hai referencias e noticias de publicacións periódicas que non se conservaron, ou aínda non se atoparon, e por tanto, non é posíbel certificar se o cultivo do éuscaro tiña lugar nelas).

1.1.2. A prensa vasca a comezos do século XX

Aínda que os xéneros periodísticos nos que se incorpora o éuscaro son serodios e distan moito das formas periodísticas doutras linguas europeas, sorprende a rapidez coa que nas décadas dos vinte e trinta se vertebra unha industria gráfica e prensa vasca de Hegoalde⁷.

En Iparralde⁸, pola contra, o recurso gráfico non se cultivou nesa época. O semanario en éuscaro máis importante era *Eskualduna*, creado en 1887, e non concedeu importancia ningunha á imaxe nin ás expresións gráficas. Este semanario conservador, que mesmo apoiou ao Goberno pro-nazi de Vichy, en Iparralde tivo primacía case exclusiva até 1944, data na que o pechou o Goberno francés.

Por tanto, ao falar do florecemento da prensa en éuscaro, débese subliñar que é un florecer vencellado sobre todo á prensa vasca producida e publicada en Bilbao, Pamplona e San Sebastián. Cidades principais nas que daquela se fomentaba o cultivo do éuscaro e a súa impresión en diversos tipos de publicacións.

Así, para entender o florecemento da prensa en éuscaro nesas primeiras décadas do século XX, cómpre ter en conta a visión máis difundida da literatura e cultura vascas nestes ámbitos xeográficos. Como é ben coñecido, a relación entre o urbano e a cultura vasca foi serodia e fébel durante moito tempo, xa que a lingua vasca se vencellaba cos espazos rurais; e máis aínda, a cultura vasca fuxía dos espazos urbanos. A comezos do século XX, a cultura vasca dubidaba da modernidade e da urbanidade porque pensou que eran unha ameaza para a supervivencia do éuscaro. Por tanto, durante moito tempo a lingua vasca refuxiouse nos espazos rurais. Esta visión negativa do urbano e da cidade (e da vida industrial en xeral) baseábase na visión que xurdiu a comezos do século XIX coa visión romántica do rural que defendeu Mogel na súa obra *Peru Abarka* (1803). Esta visión romántica e idealizada da vida rural formulada no Romanticismo fomentouse e espallouse grazas á ideoloxía nacionalista de Sabino Arana. De todos os xeitos, segundo avanzaba o novo século, unha das teimas principais dos axentes da cultura vasca foi a súa urbanización. Así,

⁷ Denominación para designar o País Vasco peninsular (Araba, Biscaia, Guipúscoa, Nafarroa).

⁸ Denominación para designar o País Vasco continental (Lapurdi, Behe Nafarroa, Zuberoa).

eses axentes literarios que rexeitaran todo o moderno e urbano e toda a cultura industrial, comezaron a decatarse da importancia e do poder desta cultura industrial e da súa rápida difusión. Por iso, procuraron levar a lingua vasca a espazos urbanos como a administración, a escola, o comercio, as publicacións, a prensa, os libros, a radio, os teatros, o cine... Decatáronse de que era precisa a presenza do éuscaro nestas novas formas de comunicación e a adaptación aos novos tempos. Así, aínda estando o periodismo vasco nunha situación máis precaria e fébel, neses albores do século XX os impulsores da cultura vasca deron moita importancia á prensa, como o indica que ao fundarse Euskaltzaindia [Academia da Lingua Vasca] o criterio para nomear os primeiros académicos fose o seguinte: ser director dalgunha publicación periódica en éuscaro.

120 Por tanto, este refuxio no rural era máis mental que físico; é dicir, subliñábase sobre todo no ideario, e non tanto na fala e na práctica. De feito, neses comezos de século destaca a presenza dunha xeración conservadora e tradicionalista nas ideas, mais coñecedora de renovacións formais foráneas, de recursos modernos. E evidentemente, neste adaptarse á cultura industrial, a cultura gráfica e a banda deseñada cobraron importancia de seu, porque o valor que estes axentes culturais deron ao periodismo, axudou a afianzar e reforzar rapidamente esta manifestación cultural, e grazas a este impulso da prensa xurdiron os primeiros antecedentes da banda deseñada vasca.

Pero non hai que esquecer que a maioría dos promotores da cultura vasca decidiron achegarse ás novas formas de comunicación, non para modernizar e adaptar o seu discurso sobre a cultura vasca, nin para mudar a súa visión sobre ela. Pola contra, empregaron as novas formas de comunicación para difundir esas ideas tradicionais e tradicionalistas da cultura vasca e para asegurar a difusión desa visión. Por tanto, na banda deseñada vasca desa época tamén a temática e os enfoques narrativos serán moi tradicionais e tradicionalistas.

No primeiro terzo do século XX, porén, constrúese a estética da diferenza, tanto na arquitectura, na música, na pintura, na literatura como no grafismo. Jon Zabalo *Txiki*, Lagarde, Landi, Gezala, Martínez Ortiz e outros tantos artistas da época intentan elaborar a identidade gráfica do País Vasco. Dende posicións moi diversas, e con mutua influencia, desenvolven unha iconografía vasca, atentos simultaneamente á tradición e á novidade. De todos os xeitos,

como mostrarei nos seguintes apartados, do grafismo de todos eles na banda deseñada vasca vai ter especial influencia Jon Zabalo “Txiki”.

1.1.2.1. A primeira viñeta en éuscaro: “Teles eta Nikoren istorioak”

Neste contexto xorde a primeira viñeta en éuscaro, “Teles eta Nikoren istorioak” [As historias de Teles e Niko]. Estas viñetas anónimas publicáronse por primeira vez en 1918 en *Euzko Deya* de Bilbao. *Euzko Deya* era unha publicación vencellada ao Partido Nacionalista Vasco. Por tanto, a visión que se presentaba nestas viñetas era moi tradicionalista, e así, contábanse as aventuras enxeñosas de dous nenos vestidos folcloricamente. Desta maneira, Teles, vestido con boina e abarcas, será o que teña iniciativa na acción, e o que terá a intelixencia fronte a Niko, a nena.

“Teles e Nikoren istorioak” destaca tamén por ser a primeira tentativa no País Vasco que xorde como serie. É dicir, foi a primeira banda deseñada na que saíron personaxes fixos.

Ademais, nestas viñetas emprégase o globo para marcar os diálogos, así que xa se pode falar de banda deseñada en sentido estrito porque estamos ante un dos antecedentes máis significativos pola presenza de metáforas visuais, onomatopeas e signos cinéticos.

121

Na década dos vinte tamén apareceron algunhas tiras cómicas máis en revistas da época (como en *Zeruko Argia* de Pamplona), pero non tiveron personaxes concretos, non foron tiradas en serie.

1.1.2.2. A contribución gráfica do semanario *Argia*: humor gráfico e chistes


Das publicacións íntregas en éuscaro de Hegoalde, *Argia* foi sen dúbida a máis importante, un semanario creado en 1921 por laicos e relixiosos co obxectivo de fomentar a lectura en éuscaro. *Argia* ao comezo manifestouse vasquista e foreira, sen máis connotacións, e en época de Primo de Rivera, o apoliticismo acrecentouse. Pero, daquela foise xestando o camiño cara á República. O director de *Argia*, Víctor Garitaonandia, declarouse nacionalista e decantouse por apoiar ao PNV. *Argia* naquela identificouse co ideario do PNV e por tanto coa identificación euscaldún-fededún (o ideario nacionalista-católico).

Como comentei, estes grupos conservadores tiveron que adaptarse á modernidade que avanzaba sen descanso, e por iso, empregaron os recursos da


época para difundir o seu ideario. Deste xeito, a prensa e a imaxe foron indispensábeis. *Argia* empregou de forma crecente os recursos gráficos, o que demostra a importancia que concedían ao valor comunicativo da imaxe. Pero a utilización das imaxes seguía vellas concepcións da Igrexa Católica, e por tanto, non eran nada modernas nin orixinais⁹.



Aldian gabiltzanean, izirik egoten bazerate... *debatide*. Iirik egin ezkeru, danik eta kinkateko izirikivena... 50 peseta.



! !



Luferala diranean:
 —Eup!... gorain itz egin el letke?
 —Orain bai, na'idezun guziyo.
 —Afeñe, afeñeal... Alden genbiltzala, Joxepa mututez auzera erori dat

Argiako egutegia [Almanaque do semanario *Argia*], 1924, Jon Zabalo *Txiki*.

O grafista principal do semanario *Argia* foi Jon Zabalo *Txiki* (<http://www.txikizabalo.org>) Entre 1925 a 1931 creouse o estilo característico de *Txiki*: o maior rendemento posíbel dos mínimos recursos gráficos, na procura de nitidez, claridade, rotundidade e rapidez. É un mundo gráfico amábel, sinxelo, infantilista. O estilo de Zabalo creou escola e tivo durante anos moita influencia no grafismo vasco, que mesmo pervive hoxe.

De todos os xeitos, *Txiki* é máis ilustrador que narrador; de feito, nos seus chistes ou nos seus cómics a ilustración e o texto non están irremisibelmente vencellados. Mesmo utilizou a mesma ilustración

⁹ Tradución das viñetas seguintes:

Cando esteamos no aire, se estades calados... gratis. Se falades, aínda que sexa unha palabriña... 50 pesetas.

...!

Cando aterraron:

- Pódese falar agora?

- Agora si, todo o que queiras.

Arre carallo! Cando estabamos no aire, Joxepa caeu.

en varias ocasións con diferentes textos. No eido máis narrativo das artes gráficas, a banda deseñada, nótase abondo esta carencia do narrativo. *Txiki* móvese en parámetros anteriores á historieta, máis parecidos ás aleluias do século XIX, onde o texto discorre independentemente da ilustración.

Txiki comezou a súa colaboración no semanario *Argia* ao mesmo tempo que o poeta Lizardi. Estes dous artistas, cada quen no seu ámbito, son dous grandes expoñentes dunha xeración conservadora e tradicionalista nas ideas, mais coñecedora das renovacións formais foráneas. Como pasa coa poética de Lizardi, no grafismo de *Txiki* apréciase ese coñecemento das correntes estéticas.

Hai que destacar, con todo, que as formas máis narrativas de *Txiki* foron as producións para o público infantil, de carácter moralizador e relixioso. Evidentemente, a evolución do semanario *Argia* estaba vencellado a esta función moralizadora e relixiosa. Por tanto, o obxectivo das publicacións vai condicionar moito as formas narrativas de *Txiki*, nas que emprega elementos e técnicas gráficas máis simples e menos expresivas que noutros ámbitos gráficos (carteis, caricaturas, etc.).

Ao falar do semanario *Argia*, non se pode esquecer que a primeira ilustradora do País Vasco, Ignacia Zabalo (irmá de Jon Zabalo) tamén publicou ilustracións e mesmo simples historietas nel. Concretamente comezou a debuxar no calendario de *Argia* en 1925, e sobre todo, encargouse do grafismo da revista *Agere*, unha publicación da Igrexa destinada ás rapazas novas: non soamente debuxou as cabeceiras dos capítulos, as letras e as ornamentacións, senón que publicou algún que outro chiste e até algunha tira cómica.

123

1.1.2.3. Páxinas de banda deseñada

No semanario nacionalista *Euzko* (1932-1934), publicado en Bilbao e impulsado polo poeta Esteban Urkiaga “Lauaxeta”, publicouse unha páxina de banda deseñada intitulada *Peru Malluki*, onde se contaban as aventuras dun campesino euscaldún ao se enfrontar ao mundo urbano. Ademais, creouse tamén un suplemento infantil en forma de folla intitulada *Gastetxu*, na que se publicaron historietas, pasatempos e chistes.

En 1934, ao desaparecer *Euzko*, o semanario *Argia* ficou como o máximo representante do periodismo vasco de Hegoalde, e por tanto, a influencia do principal grafista da revista, Jon Zabalo *Txiki*, acrecentouse.

1.1.2.4. Primeiras revistas de banda deseñada

a) Antes da Guerra Civil

A publicación da primeira revista de banda deseñada en éuscaro vencelouse á cidade e as novas expresións urbanas. Nos anos vinte abríronse ikastolas (en Donosti, Bilbao e outras tantas vilas), centros que escolarizaban os nenos exclusivamente en éuscaro e que precisaban materiais didácticos. Ixaka Lopez-Mendizabal creou un libro que foi o manual empregado por xeracións, *Xabiartxo* (1925), e que contou coas ilustracións de Jon Zabalo *Txiki*. Polo tanto, os primeiros nenos escolarizados en éuscaro apropiáronse tamén desa presenza visual, das ilustracións de *Txiki* que están no tan difundido manual. E xunto aos libros de texto comezaron a se crear proxectos didácticos máis novidosos, como os baseados na banda deseñada como forma principal de expresión.

Deste xeito, en 1923 os capuchinos que se encargaban da revista *Zeruko Argia* presentaron a Euskaltzaindia [Academia da Lingua Vasca] o proxecto dunha revista xuvenil de banda deseñada en éuscaro, *Umeentzako euskal-ingitxoa*. Por desgraza foi un intento frustrado, e ficou soamente na intención.

124

Txistu (1927)

Por fin, en 1927 creouse *Txistu*, a primeira revista de banda deseñada en éuscaro da man do semanario donostiarra *Argia*, como suplemento do semanario, dirixida sobre todo ao ámbito rural. Esta revista tivo unha vida moi breve (publicáronse polo menos 12 números, segundo as referencias na prensa), e desgraciadamente non se conservan exemplares. Ambrosio Zatarain foi un dos seus promotores máis ferventes. O seu obxectivo era didáctico; pretendía recuperar mediante ilustracións a perda da lingua e a transmisión trunca da casa: “Dices a menudo que no puedes euskaldunizar a tus hijos. Desde ahora no podrás quejarte de ello”. Como non se conservan exemplares, non é posíbel avaliar a calidade da banda deseñada ofrecida.

Poxpolin (1935-1936)

Antes da guerra publicouse unicamente outra revista infantil de banda deseñada, *Poxpolin* (1935), da man de Ixaka López Mendizabal, coñecido polo seu labor na elaboración de material didáctico para o ensino infantil. Ixaka López Mendizabal contactou coa editorial da revista *TBO* e conseguiu os dereitos para traducir as historietas de Urda, Cuvillier, Forton, Opisso e

outros. De feito, a carón da importancia, difusión e influencia que tivo a revista *TBO* nesa época, Ixaka López baseouse no deseño de *TBO* para crear *Poxpolin*. Así, a conservadora composición da historieta na que se baseou a revista *TBO* terá pegada en *Poxpolin*, que se inclinou polo emprego do texto a pé de debuxo e non polo globo para introducir os diálogos.

Esta revista tamén contou coa colaboración de Jon Zabalo *Txiki*, quen publicou adaptacións de contos tradicionais, biografías de personaxes históricos e acontecementos históricos. Así, os nenos e as nenas da época coñeceron grazas á banda deseñada de Txiki os acontecementos de Orreaga, a Ignacio de Loyola, ao personaxe popular Fernando Amezketarra, etc. Como é de esperar, ao ser unha publicación dirixida aos nenos e ao tratar temáticas históricas, as bandas deseñadas estiveron marcadas polo didactismo, tanto nas ilustracións como nos textos. Nesta revista tamén colaborou como guionista o sacerdote José Ariztimuño *Aitzol*, grande impulsor da literatura vasca.

Aínda que nun comezo *Poxpolin* fora unha revista sen conexión orgánica ao PNV, deseguido a publicación pasou ás mans do Gipuzkoa Buru Batzar do PNV, antes de 1936. Este dato é unha mostra da importancia política que daquela, na República, se daba a todos os medios de comunicación e mesmo do matiz partidista que adquiriron case todas as publicacións en éuscaro.

125

Esta revista mensual publicouse durante un ano, até que a guerra de 1936 trincou a súa vida. A Guerra Civil trocou tamén toda esta progresión da banda deseñada e do valor comunicativo dado á imaxe. Tras a sublevación fascista tiveron que pechar todas as revistas e mesmo guionistas e grafistas tiveron que exiliarse pola súa posición a favor do éuscaro, por se mostrar abertamente nacionalistas. Ese é o caso, por exemplo, de Jon Zabalo *Txiki*, que como se puido observar nestas precisións, foi un dos maiores impulsores e produtores do grafismo vasco, e concretamente cando se estaba a cultivar a banda deseñada, o seu labor artístico truncouse.

b) Tras a Guerra Civil

Tras a ruptura cultural e literaria que supuxo a Guerra Civil en Hegoalde houbo unhas décadas onde a cultura vasca se tivo que exiliar e, polo tanto, esta situación eventual e obrigada deixou de lado todos os proxectos que se estaban a xestar nas décadas dos vinte e trinta. Toda esa nova xeración centrada na

renovación e modernización (aínda que fose en certos aspectos unicamente) ficou morta, perseguida ou dispersa. Así, esas primeiras tentativas de tiras cómicas na prensa, e sobre todo as revistas *Txistu* e *Poxpolin*, morreron coa chegada do alzamento e da ditadura. Como é ben coñecido, durante varias décadas a cultura vasca e calquera expresión en éuscaro foron moi perseguidas¹⁰.

As seguintes tentativas para a banda deseñada tiveron lugar co novo rexurdir do ensino vasco. En 1954 xorde a primeira ikastola e pouco a pouco creáronse en máis vilas e cidades. Como pasara a comezos de século, estes centros carecían de material didáctico e de lectura en éuscaro, polo que durante anos serán os verdadeiros promotores e consumidores da produción de obras para nenos e rapaces. E como xa acontecera naquela primeira etapa do ensino vasco, neste material didáctico a banda deseñada terá un lugar e unha importancia especial.

Por unha banda reeditáronse obras xa empregadas para a escola, como o *Xabiertxo*, de Ixaka López Mendizábal, ilustrado por *Txiki*. Por outra, houbo novas tentativas de creación de novo material didáctico, e nestas novas propostas a banda deseñada terá un papel privilexiado.

***Pan-pin* (1960-1970)**

A primeira revista de banda deseñada que se publicou tras a Guerra Civil e a Segunda Guerra Mundial foi *Pan-Pin*, unha publicación destinada aos nenos que se editaba en labortano, en guipuscoano, e máis tarde en biscaíño. Esta nova tentativa estivo promocionada por outra publicación periódica, o semanario *Zeruko Argia*, e dirixida por Agustín Ezeiza. Este semanario que na década dos vinte se publicaba en Pamplona, pasou a publicarse en San Sebastián.

Como mencionei, *Zeruko Argia* xa tentara publicar unha revista de banda deseñada para nenos na década dos vinte. Esa tentativa que daquela non tivo éxito, na década dos sesenta saíu adiante e tivo boa acollida polos axentes da cultura vasca que se vertebraban ao redor de *Euskaltzaindia* [Academia

¹⁰ Non resultou así coa banda deseñada publicada en castelán no País Vasco. De feito, tras a toma da cidade de San Sebastián polo exército franquista, a capital guipuscoana converteuse no principal centro editorial da banda deseñada da parte franquista. Para máis información recoméndase consultar o artigo "Aproximación a la historia del cómic en Euskadi (1936-2004)", de José María Unsai e Carlos C. Borra (2005a).

da Lingua Vasca]. *Pan-pin* (1960-1970) publicouse como suplemento infantil de *Zeruko Argia*. Os primeiros números desta revista infantil foron traducións de materiais das revistas infantís francesas *Fripounet* e *Coeurs Vaillants*. Un pouco máis tarde tamén acolleu produción propia, ao recibir a colaboración de Julen Zubizarreta e dalgún outro que publicaba con pseudónimo. Pero estas colaboracións non duraron moito e a revista publicou de novo materiais traducidos, como obras de Robert, Ferry Halls ou mesmo as populares historietas de Bruguera (Mortadelo e Filemón, “Txorizo eta Txistorra”; Zipi e Zape, “Patxi eta Peru”).

Nesa mesma década dos sesenta creouse en Bilbao outra pequena revista para nenos, *Kili-kili* [Cóxegas]. Neses días onde o devir do éuscaro se ponía en cuestión, José Antonio Retolaza pensou que o éuscaro precisaba de medios de apoio orixinais para sobrevivir e que o porvir da lingua pasaba por concienciar e educar os nenos vascofalantes no amor ao éuscaro. Tendo en conta que as ikastolas non estaban moi implantadas na sociedade nin legalizadas, Retolaza pensou que era moi urxente alfabetizar os nenos vascofalantes que non tiveran oportunidade de ir á ikastola. Con esa finalidade creou o personaxe principal da revista, *Kili-kili*, un neno consciente da súa identidade lingüística, que sempre fala en éuscaro e anima os demais nenos a facelo, axudándoos a se alfabetizar mediante xogos, historietas, exercicios, etc.

127

Do primeiro número de *Kili-kili* imprimíronse soamente 80 exemplares. Retolaza e mais os seus colaboradores decatáronse de que o proxecto tomaba envergadura, e conectaron coa asociación “Euskerazaleak” que se fundara en Bilbao para fomentar o éuscaro. E así, a idea prosperou rápido, e para o quinto número da revista imprimíronse mil exemplares –non se deber esquecer que estamos a falar dunha impresión feita en Bilbao na ditadura de Franco, época onde o éuscaro estaba prohibido e perseguido.

Nesta primeira etapa de *Kili-kili*, aínda que o cómic propiamente dito non é a forma principal de expresión, o grafismo e os debuxos cobran grande importancia, e hai evolucións destacábeis no enfoque, na expresividade e na narratividade. O encargado do grafismo nesta etapa da revista foi Lander Gallastegi, arquitecto e grande amigo de José Antonio Retolaza. No tipo de letra e nos símbolos rescatáronse as formas da artesanía do País Vasco. Pero sobre todo destaca o tratamento do enfoque e das proporcións dos personaxes, que noutras revistas anteriores non se traballaran tan atentamente, nin

se xogara con elas tan axeitadamente. Ese xogo de enfoque e proporcións impregna de carácter o personaxe e marca o ton narrativo das ilustracións. Ademais, estas formas expresivas logran tratar con ironía e proximidade temas formais e serios, como antes non se fixera nas publicacións para nenos (e case en ningunha publicación en éuscaro). De seguro, esta importancia do grafismo que caracteriza a primeira etapa de *Kili-kili* é unha das bases da súa segunda etapa cando, como veremos, se consolida como revista de banda deseñada.

Como era de esperar nesta súa andaina, a revista *Kili-kili* sufriu a censura franquista, pero proseguiu o seu camiño ao morrer Franco. E como veremos ao tratar a época da transición, vai ser xustamente tras a ditadura cando a revista *Kili-kili* tome forma basicamente de banda deseñada.

2. A banda deseñada vasca moderna

Segundo o percorrido andado até agora, a banda deseñada vasca ten sido, por unha banda, *case* exclusivamente un produto infantil dende os seus antecedentes máis remotos até a década dos sesenta; e, por outra banda, a maioría das achegas que son axeitadas e mesmo interesantes para o público adulto son traducións ou adaptacións de obras producidas noutras linguas. Como se vai poder observar ao tratar a banda deseñada moderna, esta dupla situación perdurará no tempo e na influencia. Ambas as características mostran moi claramente a fébel situación da banda deseñada vasca, unha produción gráfico-literaria moi dependente, ora dependendo da función didáctica dada ao xénero nas revistas infantís ora de producións alleas.

Referíndose ao número de publicacións, a día de hoxe, a banda deseñada vasca segue a ser maiormente un produto para nenos. Claro exemplo desta situación é *Ipurbeltz*, revista infantil e xuvenil de banda deseñada cunha traxectoria ininterrompida de trinta anos (dende 1977), que foi durante moitos anos a principal (e case única) plataforma para novos artistas. Da mesma maneira, se ao número de publicacións e reedicións se refire, aínda hoxe a maioría dos álbums de banda deseñada publicados en éuscaro son traducións de obras clásicas como *Ivanhoe*, *William Tell*, *Dick Turpin*, *Tintin* ou *Astérix*.

Porén, aínda que en número e difusión sexan estes dous ámbitos os máis cultivados na banda deseñada vasca, nos últimos trinta anos houbo grandes contribucións tanto na prensa como en álbums. E cabe destacar que a situa-

ción da banda deseñada mudou moi especialmente nestes últimos anos, nos comezos do século XXI, anos nos que se publicaron obras de calidade e, sobre todo, nos que a banda deseñada vasca recobrou importancia no sistema literario. Por tanto, neste segundo grande apartado, “A banda deseñada vasca moderna”, percorrерemos eses últimos trinta anos cunha clara intención de mostrar como se vai independizar pouco a pouco desas funcións didácticas que condicionaron o seu desenvolvemento até a década dos setenta, e como nestas últimas décadas gañaron terreo a función lúdica, a función persuasiva e a función expresiva.

Para trazar as liñas principais desta modernización da banda deseñada vasca vou seguir un camiño concreto. Un percorrido dende as formas máis didácticas e moralizantes até a independencia delas, independencia coa que a banda deseñada vasca se achega á concepción moderna do cómic, ás súas temáticas e formas máis comúns. Seguindo esta liña, en primeiro lugar mencionarei as publicacións modernas no eido da literatura infantil e xuvenil, para observar como mesmo as publicacións infantís e xuvenís se van afastar desa estreita e única función didáctica, e así, pouco a pouco nestas revistas infantís e xuvenís primará a función lúdica e artística ou expresiva. En segundo lugar presentarei un dos traballos máis salientábeis da banda deseñada vasca nas últimas décadas, a revista *Habeiko Mik*. En terceiro lugar tratarei das achegas na prensa moderna vasca. Evidentemente será nestas publicacións periódicas onde a banda deseñada cobre a importancia e o vigor do xénero, así como a súa madurez, como destacarei a seguir e especialmente, claro está, nas tiras de prensa diarias. En cuarto lugar centrareime nos *magazines* e nos primeiros colectivos culturais vencellados á produción da banda deseñada vasca. E por último, para rematar este camiño cara á autonomía artística e a modernización do xénero, ofrecerei algúns datos sobre o sistema literario vasco e algunhas impresións sobre o prestixio do xénero nestes últimos anos.

129

2.1. Revistas xuvenís e infantís

Nestes últimos trinta anos houbo varias tentativas de creación de revistas xuvenís e infantís pero a maioría delas desapareceron tras uns poucos anos. De todos os xeitos, hoxe en día, como xa mencionei, é concretamente unha revista infantil a única que ten perdurado trinta anos seguidos, sen interrupcións: *Ipurbeltz*. Ademais de *Ipurbeltz* tamén houbo outra revista con moita acollida (sobre todo en Biscaia) que perdurou case trinta anos: *Kili-kili*. Pero ambas son

excepcións. Houbo varios intentos de crear revistas infantís e xuvenís de banda deseñada, pero con pouco éxito. Con todo, nestes últimos anos, co comezo do século XXI, xurdiron dúas revistas que segundo parece van mudar o panorama da banda deseñada vasca. As asociacións de ikastolas crearon *Na-nai* (2001) e *Xabiroi* (2005-), revistas destacan pola súa calidade, con guións e ilustracións de artistas coñecidos, tanto escritores como ilustradores. Ademais, ao seren publicacións dirixidas polas asociacións educativas asegúrase a súa distribución a decenas de miles de nenos. A achega destas dúas revistas convértese nun feito ben positivo e reafirma a importancia que o sistema educativo e cultural ten concedido nestes últimos anos á banda deseñada vasca.

2.1.1. *Kili-kili* (1977-2003): a súa segunda andaina

Como comentei, a revista para nenos que se prohibiu no franquismo, *Kili-kili*, comezou un novo proxecto tras a morte de Franco. Nesta nova andaina as páxinas da revista ofrecían cartas, adiviñas, historia vasca, traducións, temas culturais pero sobre todo banda deseñada. Por iso, antes de pór a nova etapa en marcha contactaron con editoriais para conseguir dereitos para a publicación de obras foráneas. Así conseguiron contactar coas revistas infantís catalás *Cavall Fort* e *Tretzevents* e asinaron acordos para empregar conxuntamente os orixinais traídos da casa Dargaud. Por outra banda, en colaboración coa editorial *Bruguera* conseguiron os dereitos de personaxes moi coñecidos xa polos nenos vascos. Tras estas xestións, en 1977 fíxose público o novo formato da revista *Kili-kili*, en Bilbao no *Kili-kili eguna* [O día Kili-kili], que xuntou a miles de nenos vascofalantes.

De todas maneiras, no que a banda deseñada se refire, como se aprecia nas xestións feitas, *Kili-kili* tiña unha clara dependencia das traducións (traducían personaxes como Zipi e Zape, Mortadelo e Filemón, ou Astérix). Publicaron unicamente unha serie propia, *Erramun Basajaun*, con guión de José Antonio Retolaza e debuxos de *Jesse*. Por tanto, a incursión e primacía de páxinas de cómic na revista axudou a acostumar os nenos a este produto cultural e mesmo a gozar del, pero non fomentou a produción de banda deseñada vasca, por basear o seu proxecto principalmente en traducións.

Pero a medida que o proxecto prosperou, a revista *Kili-kili* promoveu unha nova serie chamada *Kili-Txorta*, onde se publicaron compilacións de contos tradicionais vascos, temas relixiosos, contidos para a escola, e como non, álbums de banda deseñada. Moitos destes últimos trataron temas históricos,

mitolóxicos e culturais do País Vasco, achegando visións concretas aos nenos, e polo tanto cunha clara función persuasiva que marcou a vida da revista até a súa desaparición en 2003. Como comentei, esta función persuasiva estivo no proxecto de *Kili-kili* dende os seus inicios, posto que o obxectivo principal da revista foi concienciar os nenos sobre a identidade vasca.

A revista *Kili-kili* publicada en biscaíño alcanzou unha gran difusión sobre todo na provincia de Biscaia. De aí que, tras a súa desaparición e para encher o baleiro deixado, se creara en 2005 unha páxina web na que o personaxe *Kili-kili* recobra vida no ciberespazo. Como pasara na revista vai ser o mesmo personaxe *Kili-kili* quen nos conte a historia da publicación dende os seus comezos até as súas últimas achegas (www.kili-kili.net).

2.1.2. *Ipurbeltz* (1977-)

O mesmo ano no que a revista *Kili-kili* colleu forma de banda deseñada naceu outra gran revista infantil e xuvenil de cómic, a xa tan citada *Ipurbeltz*. Creada por un grupo de artistas da editorial Erein como material de apoio para o ensino en éuscaro, *Ipurbeltz* destaca por dúas razóns: por ser o proxecto dunha editorial consolidada e por promover dende un primeiro momento os traballos de escritores e ilustradores vascos. Entre os ilustradores que teñen traballado no proxecto destacan Jesús Lucas, Antton Olariaga, Hilario Urkia, Tomás Hernández-Mendizabal, Asun Balzola e Jon Zabaleta; e entre os escritores Jesús Mari Arrieta, Antton Aranburu e Anjel Lertxundi.

131

Aínda que tamén publicou traducións, nestes trinta últimos anos a súa base principal estivo na produción dos artistas vascos. Desta maneira, *Ipurbeltz* foi unha das únicas e principais plataformas para gran número de ilustradores e guionistas. Ademais, á diferenza da revista *Kili-kili*, neste proxecto non primou a función didáctica nin a de concienciar os nenos. Pola contra, a función lúdica e expresiva recobrou grande importancia; de feito, os promotores subliñaron como un dos obxectivos a formación da imaxinación e sensibilidade dos nenos. Tras esta afirmación, porén, enténdese que a revista *Ipurbeltz* estivese dende os seus inicios moi vencellada ao eido da literatura vasca. Evidentemente, ser o proxecto dunha editorial como Erein que publica principalmente obras literarias foi decisivo para manter esa relación, para que primase a ollada literaria e expresiva. E esta interrelación coa literatura vasca que destacou sobre todo nos seus inicios foi moi importante cara á afirmación do cómic no eido da literatura vasca.

A achega de *Ipurbeltz* foi moi importante, porque tras liberarse desa función didáctica que tanto pesaba na banda deseñada vasca (e tamén na literatura vasca durante moito tempo), e tras predominar a función lúdica, todas as revistas xuvenís e infantís que lle seguiron decatáronse da importancia desa función lúdica e expresiva, decisiva para a formación dos nenos, pero tamén para a adquisición da lingua¹¹.



Ipurbeltz 121, 1987, Ruben Arozena.

¹¹ Tradución das viñetas seguintes:

Triski e Bi Luma

- Conseguiremos algún día saír de aquí?
- Eh... psss! Non teredes por aí un bocata de chistorra, non?
- Carallo! Temos un veciño! / - Pero esa illa non estaba aí antes. / - Ti que pensas? / - Que, chega ese almorzo, ou que?
- Pero, de onde saiches? E esa illa? / - Isto non é unha illa, senón unha balea. Eu tamén estaba perdido nunha illa, pero conseguín educar esta balea, para viaxar enriba dela.
- E así vou, esperando encontrar algún porto. Queredes vir comigo?
- Si, si, si!!! Vale!!!

2.1.3. *Xirrixta* (1992-1998) e *Kometa* (1996-1998)

Tamén en Hegoalde houbo tentativas para revistas infantís e xuvenís nas que a banda deseñada tivo o seu espazo. En 1992 publicouse *Xirrixta* (1992-1998), creada por EKE [Euskal Kultur Elkartea–Instituto Cultural Vasco] e dirixida a nenos con idades entre 4 e 8 anos. As súas páxinas ofrecen contos, reportaxes, banda deseñada, xogos, traballos manuais, etc. Procuraba fomentar a lectura entre os nenos, pero sen descoidar a función lúdica e expresiva. Tras a traxectoria de *Ipurbeltz* todas as revistas infantís e xuvenís aprenderon a importancia desas dúas funcións e sobre todo decatáronse de que no País Vasco había ilustradores e guionistas de calidade, sen ter que optar unicamente polas traducións. Así, en *Xirrixta* optaron por unha solución intermedia: 19 páxinas son traducións da revista *Tobogán* publicada en Toulouse e o resto creacións de artistas vascos.

En 1994 xurdiu a Asociación Xirrixta-zaleak, que se dedicou á publicación desta revista mensual. Ademais, crearon a revista *Kometa* para nenos de máis de 8 anos, de periodicidade trimestral. Ambas as revistas publicaron durante uns poucos anos un produto de gran calidade que contou coa colaboración de grandes escritores e ilustradores como Mariasun Landa, J.K. Igerabide, Bernardo Atxaga, Patxi Zubizarreta, Jokin Mitxelena, Mikel Valverde etc. Mesmo estas dúas revistas contaban co apoio do grupo francés Milan. Pero ambas desapareceron en 1998 polos problemas económicos derivados dun mercado reducido e pouco afeito a este tipo de publicacións.

133

2.1.4. *Na-nai* (2001-) e *Xabiroi* (2005-)

Ao desaparecer a revista *Xirrixta*, que cubría este espazo da banda deseñada infantil e xuvenil en Iparralde, decatáronse da necesidade e da demanda dun proxecto similar, e así en 2001 nace a revista *Na-nai* da man da asociación *Ikas-Bi* de Baiona.

Da mesma maneira, a comezos do século XXI xorde unha revista de banda deseñada infantil e xuvenil, *Xabiroi*, publicada por Ikastolen Elkarte [Asociación de Ikastolas] é distribuída en centros escolares de todo o País Vasco cunha tirada inicial de 35.000 exemplares. A súa distribución e calidade ofrecen datos dun proxecto con futuro. Ademais, como pasara nos comezos de *Ipurbeltz*, esta nova revista tamén nace moi vencellada ao eido da literatura vasca e son moitos os escritores que colaboran cos seus guións. Desta maneira, no seu breve percorrido promoveu que escritores non afeitos á banda dese-

ñada e que nunca escribiran guións, colaborasen con ilustradores na creación de historietas.

2.1.5. Outras contribucións editoriais

Ademais das revistas e dos proxectos mencionados, na década dos setenta as editoriais tamén comezaron a publicar álbums de banda deseñada. Como no caso das revistas os primeiros foron traducións. Así, en 1972 a editorial Etor comezou a editar volumes de Tintín en éuscaro (que tivo continuidade en Elkar a partir de 1985), e en 1975 publicou a tradución das adaptacións dos clásicos literarios *Muntxausen'go Baroia* [O varón de Munchausen] e *Aladiño* [Aladino], adaptacións escritas en castelán por José Luis de la Fuente. Tras esas traducións da década dos setenta, pouco a pouco traducíronse traballos xa moi coñecidos polos lectores vascos. Pero aínda hoxe a maioría das publicacións de álbums son traducións e non hai case publicación propia. A excepción, como é de esperar, está no eido da literatura infantil e xuvenil. Ademais das revistas, algunhas editoriais tamén publican álbums de banda deseñada creados por guionistas e ilustradores vascos. A editorial Elkar publicou unha serie na súa colección “Alfer” a mediados da década dos oitenta, pero non tiveron continuidade. A editorial Lur, por outra parte, creou unha serie co personaxe Gabai, na que este realiza un percorrido pola historia do País Vasco cunha marcada intencionalidade instrutiva e didáctica. Tamén a editorial Ibaizabal editou álbums de banda deseñada en 1997, concretamente álbums que tiñan como protagonistas os coñecidos pallasos Txirri, Mirri e Txiribitón. Con todo, segue sendo na editorial Erein onde a banda deseñada se publica con certa continuidade. Por exemplo, xunto coa revista *Ipurbeltz* publicaron números especiais na colección infantil “Ipurbeltz-ale bereziak” [Ipurbeltz-números especiais], e na xuvenil “Justin Hiriart”.

134

2.2. A banda deseñada e a euscaldunización

Ao tratar os produtos de banda deseñada vasca para nenos mencionei que a maioría das veces o interese pola banda deseñada foi instrumental, e empregouse para proporcionar materias en éuscaro a nenos para o ensino (coas excepcións mencionadas de *Ipurbeltz* e as recentes *Na-nai* e *Xabiroi*). Para aprender a ler ou mesmo para aprender a lingua. Afirmei que a función didáctica primou na banda deseñada vasca dende os seus inicios. Nesta situación non é de estrañar que a primeira colección de álbums para adultos estivese vencellada tamén a esta función didáctica, a aprendizaxe da lingua. *Habe* (orga-

nismo do Goberno Vasco co obxectivo de promocionar o éuscaro) editou unha serie de álbums na súa colección *Habeiko Mik* dirixidos ao público adulto durante o período 1985-1992. Aínda que esta revista de banda deseñada estea vencellada á función didáctica da lingua e aínda que a súa publicación estea fomentada polo obxectivo de favorecer a aprendizaxe da lingua, destaca especialmente polas súas contribucións no eido artístico e expresivo. Polo tanto, na revista *Habeiko Mik* conviviron equilibradamente a función didáctica e a expresiva. Unha das grandes achegas desta publicación, como no caso de *Ipurbeltz*, é que serviu de plataforma a gran número de ilustradores, nunhas épocas onde as principias editoriais non apostaban pola publicación de banda deseñada. Se cadra, a achega de *Habeiko Mik* foi maior, porque convocaba un concurso para decidir sobre as publicacións anuais e, evidentemente, porque as producións tiñan en mente o público adulto.

Hai un ano publicouse un interesante monográfico sobre *Habeiko Mik* editado en éuscaro e castelán: *Habeiko Mik: tentativas para un cómic vasco* (Díaz de Guereñu 2006). Abonda con botar unha ollada a esta monografía para percibir a grande achega de *Habeiko Mik*.

É certo, porén, que malia a calidade das obras publicadas *Habeiko Mik* non foi unha publicación con moito éxito nin difusión, posibelmente por se tratar dun proxecto institucional para fomentar un xénero que por definición é unha creación de carácter máis popular.

135

2.3. A banda deseñada na prensa moderna

Tras a ditadura franquista a prensa vasca que levaba silenciada ou escondida décadas volveu a se facer visíbel. A principios dos setenta as tiras cómicas en éuscaro publicáronse sobre todo en revistas, pero a partir de 1977 o xornal *Egin* vai dedicar unha páxina á banda deseñada. Esta páxina, que recollía os traballos de tres dos ilustradores máis vivos da época (tanto en éuscaro como en castelán), tivo grande éxito. Desta maneira a banda deseñada vasca comezou a converterse na lectura diaria de moitos vascos.

2.3.1. Tiras cómicas en diarios e revistas

a) As tiras cómicas das revistas

A revista *Zeruko Argia* na década dos setenta seguía ofrecendo espazo á banda deseñada vasca. De feito, un dos ilustradores que xa en 1974 publicaba

as súas historietas nesta revista, Jon Zabaleta, promoveu un caderno titulado *Komikia* [Banda deseñada]. Neste proxecto colaboraron tamén ilustradores como Juan Carlos Eguillor e escritores como Xabier Kintana. O caderno difundíuse como suplemento da revista *Anaitasuna*, publicada en Bilbao, e deseguido de *Zeruko Argia*. Pero, de novo, este proxecto non durou moito e desapareceu tras publicar uns 10 números. Cómpre destacar que Jon Zabaleta foi un dos grandes seguidores do grafismo de Jon Zabalo *Txiki*, e así, o grafismo de Zabaleta salienta pola súa relación co grafismo vasco anterior á Guerra Civil.

A revista *Anaitasuna*, ademais, a carón da publicación do primeiro número do suplemento *Komikia*, dedicou uns artigos á banda deseñada vasca, que constitúen as primeiras apreciacións sobre o xénero en éuscaro¹². Estas achegas evidencian que nesa década dos setenta, na que o sistema literario estaba aínda sen consolidar, a cultura vasca e os axentes literarios se preocuparon pola banda deseñada vasca moito máis que décadas seguintes (a década dos noventa, por exemplo).

136 Débase subliñar que nesas dúas revistas comezaron as colaboracións de Antton Olariaga. Olariaga foi unha das figuras máis importantes na transición cultural dos setenta. As súas creacións foron toda unha revolución no grafismo vasco. Até entón a imaxe na prensa vasca non tiña grande importancia e mesmo os deseños eran moi semellantes aos anteriores da Guerra Civil, como no caso de Jon Zabaleta. Pero con Antton Olariaga a prensa vasca viviu unha transformación. Olariaga prestixiou a prensa vasca coa axuda de ilustracións que acompañaban os reportaxes, os comentarios, etc. As súas imaxes, de grande expresividade, ofrecían unha lectura persoal do escrito na prensa. E evidentemente, esa expresividade deu vida a unha banda deseñada sen precedentes. Na conflitiva década dos setenta, Olariaga logrou crear uns personaxes que reflectían a mocidade da época, baseándose na visión crítica e irónica dos acontecementos actuais da transición. Esa mirada irónica dos personaxes non só tiña en conta os sucesos cotiáns e políticos desa década, senón que se imbricaba tamén coa tradición da banda deseñada vasca. De feito, a maioría dos seus personaxes eran vascofalantes, máis ben militantes, pero achegándose a esa militancia cunha visión humorística e mesmo paródica. E por tanto dalgún

¹² Penso que neses artigos pode atoparse por primeira vez a denominación “Euskal komikia” [Banda deseñada vasca] para facer referencia á publicada en éuscaro. Lémbrese que “euskal” en éuscaro fai referencia á lingua.

xeito tamén se parodiaba a tradición militante e didáctica da banda deseñada vasca publicada durante moito tempo. Algúns deses personaxes creados con esa visión paródica e irónica apareceron na revista *Zeruko Argia*, como Mozorrozko e Hormaspray, superheroes particulares e mesmo ridículos, superheroes na defensa do euscaldún.

Tras a década dos setenta, cando algunhas revistas (*Anaitasuna*, *Zeruko Argia*, etc.) dedicaron espazo e atención á banda deseñada vasca, a comezos dos oitenta esa grande atención desapareceu. Creáronse moitas revistas literarias pero moi poucas dedicaron espazo á banda deseñada. Unha excepción foi a revista literaria *Pamiela* de Pamplona, publicada por primeira vez en 1983. Nos comezos acolleron tiras cómicas, e mesmo, en 1984, puxeron en marcha a colección “Pamiela Komikia” [Banda Deseñada Pamiela] para ofrecer a posibilidade de publicar aos autores do País Vasco, tanto en éuscaro como en castelán. Nesa colección publicaron dende recompilacións de traballos de prensa como *Nafarroa Afrika da* [Navarra é África], de Ernesto Murillo até publicacións sobre mitoloxía vasca.

De todas maneiras, na maioría das revistas da época (literarias ou culturais) non se lle ofreceu espazo á banda deseñada. Seguramente influíu o feito de que nos oitenta e nos noventa o sistema literario vasco estaba a se consolidar e na súa procura da autonomía, de seguro, a banda deseñada non era un xénero a ter en conta (por estar vencellado tamén a outras artes). De feito, como comentarei máis adiante, ben entrada a década dos oitenta será nos fanzines colectivos culturais onde se publicará a banda deseñada vasca, é dicir, de mans de colectivos culturais alternativos non vencellados ao sistema literario vasco (e mesmo sendo contestatarios).

b) As tiras cómicas na prensa diaria

Mencionei que en 1977 no diario *Egin* comezou a se publicar unha páxina de banda deseñada de gran calidade. Ao ser *Egin* nesa época o único diario que aínda escrito basicamente en castelán integraba textos en éuscaro, a decisión de publicar esta páxina foi crucial, xa que foi a primeira vez que lectores vascos puideron ler a diario unha tira cómica en éuscaro. Nesa páxina colaboraron con tiras cómicas Jon Zabaleta, Jon Carlos Eguillor e Antton Olariaga. De feito, foi nesa páxina onde comezou a se publicar *Zakilixut*, creación de Antton Olariaga e o personaxe máis famoso da banda deseñada vasca. *Zakilixut* é un personaxe que aínda cobra vida todos os días e por tanto estamos a falar dun

personaxe con trinta anos de idade, algo insólito na banda deseñada vasca. Ao se abrir en 1990 *Euskaldunon Egunkaria*, o primeiro xornal en éuscara, as tiras cómicas de *Zakilixut* pasaron a este diario. Un dato importante para medir a influencia de *Zakilixut* na cultura vasca, e sobre todo na prensa vasca. Hoxe en día, *Zakilixut* publícase no diario *Berria*, o único en éuscara e sucesor de *Euskaldunon Egunkaria*, que pechou en 2003.

O personaxe de Antton Olariaga é un dos primeiros da banda deseñada que se achega á realidade urbana e fala dende ela. Nas tiras cómicas de *Zakilixut* trátanse temas como o sexo, as drogas e o rock and roll, temas que non soamente eran novidosos na banda deseñada vasca senón na cultura vasca en xeral, e en concreto, na literatura vasca¹³.

138



Zakilixut, Egin 1984, Antton Olariaga

¹³ Tradución das viñetas:

Zakilixut

Primeira tira:

- Valeee!
- O PSOE non o vai defender!
- A emenda dos vascos.
- Non, non temos propósito de nos emendar.

Segunda tira:

- Mira!
- Romaría da abstención.
- Ir á romaría e absterse!
- Ben, ben...!!! Que todos somos iguais... eh... todos somos fillos da ferruxe!

No que a temática se refire, destaca a crítica e o xogo co discurso político, unha tendencia tamén moi novidosa daquela na cultura e literatura vascas. E mesmo satiriza e parodia certos costumes dos militantes da lingua e dos vascofalantes en xeral. Ademais, *Zakilixut* non se achega únicamente ao sexo, ás drogas e ao rock and roll, senón que moitas veces vai crear humor a partir da lectura de obras da literatura vasca. De feito, a continua referencia a textos da cultura oral ou a obras recentes da literatura vai ser unha constante nestas tiras cómicas¹⁴.



Zakilixut 2, Antton Olariaga

¹⁴ Tradución da primeira tira: “Hoxe pola noite tiven un soño estraño. Dende que marchou Txema, soño moitas veces. Unha morea de soños eróticos. Estaba espida, pousada nun banco sobre a almofada da miña cama, como montada nun cabalo. A almofada estaba colocada de atrás para adiante, ao longo, e na banda que sobresaía do asento había unhas letras bordadas, unhas letras vermellas con puntiños azuis. Estaba lendo, e sostiña o libro coas dúas máns. Sentín na entreperna algo húmido e brando. Ao mirar, vin que tiña un pene, grande, brando, morado. E del saía unha mucosidade marrón-vermella, unha mucosidade case sólida. Blandiblup” [un fragmento da novela *Zergatik, Panpox* de Arantxa Urretabizkaia]. Blandiblup, ou duriblup?

Tradución da segunda tira: “Pero ao pór os pantalóns, como o colocarei, cara arriba ou cara abaixo? Txema sempre o puña cara arriba. Mesmo pensei que ese cacho de carne non era nada cómodo, ademais, non bota sangue, mais si mucosidade, quizais cada semana, claro, os homes teñen máis forza ca nós. Prefiro o meu oco” [un fragmento da novela *Zergatik, Panpox* de Arantxa Urretabizkaia].

Mai, a ver como é ese pitilín que tes escondido, díxome a profesora. Pero ter un oco é perigoso: pódese meter calquera cousa nese túnel sen defensa, nin esfínter, nin pálpebra. Mai, Neretxu métese caramelos no seu oco, di que o seu pitilín lle gusta, pero o meu non os come... [un fragmento da novela *Zergatik, Panpox* de Arantxa Urretabizkaia]


Quitáralle o papel ao caramelo?

De todas maneiras *Zakilixut* non só destaca pola novidade da temática tratada ou pola visión urbana senón tamén pola súa autoconciencia. É dicir, nas tiras cómicas de *Zakilixut* xógase moito cos límites das viñetas, co espazo da banda deseñada, e empréganse eses límites e características para crear situacións humorísticas.



Zakilixut 2, Antton Olariaga

140



Zakilixut 2, Antton Olariaga¹⁵

- ¹⁵ Tradución:
 Primeira tira:
 - Ai... carallo!!!
 Segunda tira:
 - Pero, pero...
 - Que carallo pasa aquí?

Esta autoconciencia dos límites da viñeta que caracterizan o personaxe obsérvase ademais na súa conciencia de ser un personaxe de banda deseñada. Moitas veces fálalle ao ilustrador ou fala da súa propia condición de personaxe. Esta metalinguaxe continua na temática e nas técnicas gráficas supuxo unha revolución na banda deseñada vasca, que durante moito tempo se artellou a través de temáticas e formas simples e non tivo conciencia artística ningunha.



Euskaldunon Egunkaria, 18-12-1998, Antton Olariaga¹⁶

Evidentemente, o personaxe *Zakilixut* e os traballos de Antton Olariaga abriron uns camiños que non se puideron pechar, e a súa influencia en ilustradores da súa época e das novas xeracións é incuestionábel.

141

Dende finais dos setenta e na década dos oitenta, *Zakilixut* e Antton Olariaga van ser os personaxes principais das publicacións diarias. Pero ao desenvolverse a prensa vasca nos noventa, ben a escrita integramente en éuscaro ben bilingüe, incrementouse o número de ilustradores que reproducen noticias diarias en forma de chiste: Iñaki Martiarena (*Euskaldunon Egunkaria*), Mikel Valverde (*Zazpika*), Asisko Urmeneta e Marko (*Argia*), Javier Etaio (*Gara*), Zaldi ero (*Berria*), Andoni Salegi (*Uztarri*), etc.

¹⁶ Tradución:

Primera tira

- Oh, god!

- Unha nova inquilina no piso de arriba!

Eup... vou por unha escaleira!


Segunda tira:

- Eh... "non ten vergonza... pel na fronte..." [unha canción]

- Merda!

2.3.2. Os magazines

Na década dos oitenta coa proliferación de revistas literarias e culturais viron a luz *magazines* nos que a base era a banda deseñada. Estes *magazines*



publicaban principalmente en castelán, aínda que moitos dos seus colaboradores publicaban en éuscara en revistas ou prensa. *Tmeo*, *La Comictiva*, *Napartheid*, etc. son expoñentes desa década tan importante para a banda deseñada no País Vasco. Non unicamente iso, senón que todas estas publicacións foron referencias para a banda deseñada vasca destes últimos anos, sobre todo o *Tmeo* que aínda está vivo, e *Napartheid*, publicado entre 1988 e 1998.

142

Euskadi Sioux 1979, número 1¹⁷

¹⁷ Tradución:

A flor, símbolo da madurez sexual.

Vivan os xogos florais de Antón de Abbadie.

Ei ti, raparigo / - Ti, ben que vives á miña conta...

Limpa (os mocos)! [*Mintza* quere dicir "fala", e *Zintza* "limpa os mocos"]

Método vasco analxésico, aséptico e confidencial.

- QUE É ISTO?

- Isto é un home / - Isto é un catre / - Isto é unha muller.

- Que é isto? / - Isto é unha maleta / - Isto é un armario / - Achis!!! / - Isto é unha cadeira.

Pero, que é isto?

- Que é isto? / Que é isto?// Que é isto?

- Isto é un cu? Non, isto non é un cu. Isto é un armario. / - Isto é un home? / - Isto é a "leche"!

- Isto é un burro? / - Que?

- Isto é un elefante branco. / - Isto é un mamut? / - Ola. / - Despois de dez anos, isto.

- Isto é demasiado. / - Que é isto?

a) *Magazines con páxinas cómicas en éuscaro*

De todos eses *magazines* foron poucos os que publicaron páxinas ou tiras en éuscaro. Destaca *Euskadi Sioux* (1979), que comezou a se publicar en San Sebastián e pola súa calidade, pero sobre todo polo irreverente (<http://www.euskadisioux.org>). As propostas desta revista eran moi transgresoras para a época. No seu subtítulo falaban de “el terror de lo cotidiano” e considerábanse “una tribu heterodoxa en una Euskadi convulsa”. Colaboraron nesta revista todos eses nomes hoxe tan coñecidos que xa mencionei ao falar das tiras de prensa como son Antton Olariaga, Jon Zabaleta e Juan Carlos Eguillor.

Pero no que á banda deseñada vasca se refire destaca a páxina “Zintza”, producida en éuscaro. Nela paródiase os métodos didácticos de aprendizaxe da lingua. Por tanto é unha parodia clara á tradición da banda deseñada vasca, da función didáctica e mesmo de certo fetichismo pola lingua.

b) *Magazines integramente en éuscaro*

A revista *Napartheid* (1988-1998) [<http://www.napartheid.net>] naceu no inverno de 1988 coa intención de mostrar o rexeitamento á lei reguladora da oficialidade do éuscaro en Navarra. A finalidade do grupo promotor do proxecto era pór en funcionamento unha publicación realizada integramente en éuscaro. Fundaron esta revista novos ilustradores, como Asisko Urmeneta e Patxi Ugarte, que hoxe son moi coñecidos no ámbito cultural vasco.

Os primeiros números tiveron grande éxito. Co tempo os seus fundadores foron substituídos por autores máis novos. Cómpre salientar que *Napartheid* foi a revista de banda deseñada do País Vasco que máis mulleres tiña na súa redacción.

Co tempo a súa calidade mellorou e alcanzou a tirada de 3000 exemplares. Cada número trataba un tema de actualidade, sempre cunha ollada crítica, informando sobre unha realidade que non constaba nin se trataba nos medios de comunicación oficiais. Pouco a pouco a súa difusión estendeuse dende a provincia de Navarra a todo o País Vasco.



Cuberta da revista *Napartheid*, número 8 e 9, 1991/1992¹⁸

2.3.3. Os álbums para adultos

Neste rápido percorrido xa comentei que os primeiros álbums de banda deseñada vasca foron traducións, álbums de historia e mitoloxía vasca publicados pensando na súa función instructiva e para nenos, compilacións de publicacións periódicas ou, como excepción, a tentativa de álbums para adultos patrocinada polo Goberno Vasco, *Habeiko Mik*, que tamén respondía en certa medida á aprendizaxe da lingua.

Neste contexto, no ano 2004 supón un fito na banda deseñada vasca a publicación de *Pololoak, poxpoliñen lurriñak* (*Xabinaitorren balentriak I*) [Pololos, o aroma das poxpoliñas –As aventuras de Xabinaitor I], de Patxi Gallego, o primeiro álbum de banda deseñada vasca para adultos. Destaca pola

¹⁸ *Napartheid*, número duplo, oitavo e noveno, outono de 1991+1.

novidade, a transgresión e a calidade da publicación e, sobre todo, pola súa pronta difusión, xa que na actualidade Xabinaitor se converteu nun personaxe coñecido e comentado entre os lectores vascos, maiormente entre as novas xeracións.

Xabinaitor encarna un superheroe que pretende ser unha gran parodia de varios tipos: da figura do heroe e mesmo dos superheroes tan unidos á banda deseñada e de todos os estereotipos creados ao redor do vasco (tanto dos vascofalantes como das diferentes vertentes do nacionalismo vasco de dereitas e de esquerdas). Esta gran parodia apréciase xa no nome deste singular superheroe, creado mediante a xuntanza de Xabin (Sabino Arana, o pai do nacionalismo vasco de dereitas e católico) e Aitor (o nome que Agostin Xaho lle deu ao pai da patria vasca, unha das referencias históricas do nacionalismo de esquerdas). E claro, ese final, “-aitor”, foneticamente tan parecido e vencellado aos nomes dos superheroes. Por tanto, xunto á parodia desas formas cómicas tan difundidas e comerciais, e dos superheroes, sobrancea a parodia dos tópicos máis difundidos sobre a identidade vasca: o folclorismo, o enxebriismo, a lingua culta e unificada, a imposibilidade crónica de ligar e a incapacidade sexual, as estéticas do nacionalismo de esquerdas ou dereitas...

145

Como se pode apreciar, a temática empregada era inusual nos álbums publicados até o momento. De todas maneiras é certo que este tipo de mirada irónica xa se cultivara nas tiras de prensa e que Antton Olariaga fora un dos seus precursores. Pero a ironía e a parodia deste álbum son novidosas porque presentan unha crítica actual, a da nova xeración educada nas ikastolas. Mesmo o autor Patxi Gallego na contraportada do álbum indica ironicamente que as aventuras de Xabinaitor son as consecuencias da ikastola.

Unha das claves polas que consegue un resultado tan logrado é o diálogo coas referencias actuais e sobre todo coa tradición da banda deseñada vasca. Deste xeito, o mesmo título, *Pololoak, Poxpoliñen lurrinak*, lembra a revista *Poxpolin* dos anos trinta na que se difundía o ideario do PNV. Outra referencia constante será *Zakilixut*, máis que nada a nivel lingüístico; do afamado personaxe tomará expresións que callaron nas xeración anteriores.

Ademais destaca especialmente que as temáticas e as formas non son novidosas unicamente no eido da banda deseñada vasca senón que na literatura vasca aínda non hai expresións satíricas e paródicas tan provocadoras e logradas como nesta obra.




POLOLOAK

Poxpoliñen lurrina

PATXI GALLEGO

146



Pololoak, Poxpoliñen lurrinak (Xabinaitorren balentriak I), Patxi Gallego.



POXPOLIÑA BAKAR BAT
BIZIRIK DEN ARTEAN
NERE EREKZIOEA
AMAIGABEA DA,
ETERNALA,
BETIEREKOA,
ETA BETI
EREKTOA!!



NI XABINAITOR NAIZ!

POXPOLIÑEN
ZAINDARIA!

ZUEK ZARETE,
O, POXPOLIÑAK,
ENE INDARRA
TA KEMENA

ENE GALBIDEA
TA EROMENA

BELTZA DUT, ZAKILA,
BAI,
MIHIA ZURI
PLAZER ITURRI

ETA NESKATXEK

MAKURT ZEA
BAINO EZ DUTE

ENE HAT ZEN
TXINPARTA ETA ZIRTAZKO
FEREKEN AURREAN

147

Pololoak, Poxpoliñen lurrinak (Xabinaitorren balentriak I), Patxi Gallego¹⁹

¹⁹ Tradución:

Evidentemente, Poxpoliña.

- Mentres viva algunha poxpoliña, a miña erección será incesábel, interminábel, eterna, e sempre, erecto!!!

- Eu son Xabinaitor!

- Protector das poxpoliñas!

- Vós sodes, poxpoliñas, a miña forza e o meu valor.

- A miña perdición e a miña tolería.

- Negro, teño o pene, si; branca, a lingua, fonte de pracer.

- E as nenas...


- Non teñen máis que se agochar.

- Ante as faíscas dos meus dedos e das miñas caricias.

Pololoak, Poxpoliñen lurriñak presentouse como o primeiro número da triloxía *Xabinaitorren balentriak*, e non decepcionou. En 2006 saíu a segunda entrega, *Pololoak, Poxpoliñaren bahiketa* [Pololos, o rapto da poxpoliña], cunha expresión gráfica máis traballada. De feito neste segundo álbum a parodia foméntase co emprego de técnicas gráficas non esperadas. Por exemplo, como se aprecia nos debuxos, as cores vermella e verde nas que se baseaba o primeiro álbum deixan paso a cores nada vencelladas aos estereotipos e marcas identitarias vascas. Así, a Deuosa da mitoloxía Mari recreáase con ilustracións próximas aos mangas ou ao cómic porno.

Destá maneira na segunda entrega a ilustración e as súas expresións cobran máis importancia e a caricatura que era a expresión gráfica principal no primeiro álbum dá paso a outras formas máis elaboradas.

148



Xabinaitorren balentriak II, Patxi Gallego



Xabinaitorren balentriak II, Patxi Gallego²⁰

²⁰ Quen vou ser...? /- Mari, non viñeches verme?

- Que... Que... Mari? /- Si, home, Mari de Amboto!!! Ha, ha, ha... que «xalau» estás así, nervioso e coa txapela.

- Gustarán de ti... / - Gustarán de min...? /- Que?!!! / - Quen?

- Si, as mulleres do País Vasco!!! Ti fuches o elixido, Xabi! Estes son tempos duros, e alguén terá que coidar delas, xa que nos seus ventres está o futuro! E quen máis axeitado ca ti, para ser o seu anxo da garda? Quen as quere máis ca ti? Tes sufrido moito até chegar aquí, pero ao final decatáche de cal é a túa razón de vivir: as poxpoliñas! E farías calquera cousa por elas, non é?

A creación e publicación de Xabinaitor é un dos grandes acontecementos dos últimos anos no eido da cultura e da literatura vasca. Mencionei a súa achega gráfico-literaria, pero a importancia destas publicacións reside sobre todo na boa acollida de lectores e críticos e na súa gran difusión. É certo que a súa difusión lle debe moito á editorial na que se publicaron ambos os álbums, Elkar, unha das máis importantes e fortes do sistema literario vasco, e o que é máis importante, esta editorial é parte do grupo empresarial que se encarga da distribución de libros.

Sexa como for, por primeira vez nos últimos anos, a banda deseñada vasca foi obxecto de recensións nas páxinas de crítica literaria do único xornal en éuscaro deste momento, *Berria* (Ibon Egaña, “Jatorrismoa eta beste gaitz euskaldun batzuk”, *Berria*, 4-12-2004; Ibon Egaña, “Sorpresaren ostean”, *Berria*, 12-11-2006). E máis aínda, tal é a súa influencia e difusión que varias revistas culturais entrevistaron o personaxe, a Xabinaitor (*Osatuz*, *Nabarra*).

2.4. A banda deseñada e o sistema literario vasco

150

Neste breve percorrido pola banda deseñada vasca déronse varios datos sobre a relación entre os sistema literario e a banda deseñada vasca. Hai que ter en conta que o sistema literario actual se consolidou a finais dos oitenta e comezos dos noventa. Na década dos oitenta destacou a figura de Antton Olariaga na banda deseñada. E concretamente, vai ser Olariaga o primeiro ilustrador consagrado e de prestixio, moi considerado por escritores, e o primeiro tido en conta polo sistema literario vasco (como mostra o título da entrevista que lle fixeron na revista *Plazara* en 1992: “Antton Olariaga: marraz osaturiko literatura” [Antton Olariaga: literatura creada con liñas], *Plazara* 20). Ademais, Antton Olariaga, dende os seus comezos, estivo moi unido á literatura vasca, tanto polas súas colaboracións con escritores como polas relacións e proxectos culturais. Mesmo en 1985 adaptou a novela *Hamaseigarrenean aidanez*, de Anjel Lertxundi ao cómic.

De todas maneiras, aínda que tras a ditadura os axentes culturais vascos se preocuparan pola produción e publicación, ao avanzar a década dos oitenta esta preocupación vai desaparecer. Como dixen, nesta época, na década dos oitenta, tras se oficializar o éuscaro na Comunidade Autónoma Vasca, a institucionalización da literatura foi unha das teimas principais. Así, neste camiño cara á autonomía e á institucionalización do sistema literario vasco, primaron

xéneros literarios de prestixio como a novela. Por tanto, os xéneros como a banda deseñada, xéneros que viven e se crean na marxe doutras expresións artísticas, esquecéronse durante máis dunha década.

Unicamente as institucións escolares decatáronse do valor expresivo do xénero, xa que dende 1990 nos concursos interescolares Koldo Mitxelena houbo modalidade de banda deseñada. Hai que ter en conta que estes concursos son unha das máis importantes plataformas literarias de nenos e mozos e, polo tanto, a importancia de ter modalidade de banda deseñada é destacábel.

Pero as institucións literarias e culturais esqueceron esta expresión artística nos concursos organizados. E mesmo as institucións administrativas. Aínda que cómpre en conta unha excepción, o caso do concello de Pamplona, que dende 1990 organiza un concurso de banda deseñada vasca. Destaca esta iniciativa do concello pamplonés por ser o único que organiza un concurso de tales características no que hai unha única modalidade en lingua vasca.

Pero agás este caso non houbo interese por ningunha institución. De todas maneiras parece que nestes últimos anos, cando a teima pola consolidación do sistema literario desapareceu, renaceu o interese polos xéneros que están na marxe, e ademais destaca a importancia dunha nova xeración que se incorporou á produción e á crítica literaria. Esta nova xeración mostrou interese por diversas expresións culturais e literarias. O crecente interese pola banda deseñada apréciase tamén nos concursos, xa que a Consellaría da Muller de San Sebastián organiza dende 1999 o “Concurso de Comics no Sexistas de Donostia”.

Nos últimos anos medrou o número de iniciativas culturais para dar a coñecer a banda deseñada do País Vasco pero hai que ter en conta que todas elas deron a coñecer indistintamente o producido en castelán e o producido en éuscaro. Entre elas destacan as xornadas do Salón do Cómic de Getxo que se celebra dende o ano 2000 e que se converteu xa en cita indispensable para todo afeccionado á banda deseñada (<http://www.salondelcomicedgetxo.net/cas/informacion.asp>). O concello de San Sebastián tamén organiza as “Jornadas del cómic de San Sebastián” dende o ano 2005, como moita menor sona.

No que a publicacións se refire estes últimos anos medrou o número de publicacións sobre banda deseñada do País Vasco: antoloxías como a editada por Aitor Arana sobre a banda deseñada gai elésbica do País Vasco (Aitor

Arana, *Komiki gay eta lesbikoa Euskal Herrian (1981-2000)*, San Sebastián: Hiria Liburuak, 2003); monografías sobre a banda deseñada do País Vasco (Díaz de Guereño 2006a; 2006b). Mais as editoriais aínda non mostran un verdadeiro interese pola publicación de banda deseñada. Malia que en 2001 se creou a editorial especializada en banda deseñada *Astiberri* (<http://www.astiberri.com>), polo de agora nesta editorial o material publicado en éuscaro foron traducións. E mesmo o seu responsábel, Fernando Tarancón, nunha reportaxe publicada no diario *El País* (16-04-2004) afirmou que non se pode falar de banda deseñada vasca (en éuscaro), que non existe. Nesa reportaxe da sección “País Vasco” subliñábase a preocupación pola escasa produción de banda deseñada en éuscaro e a súa case inexistencia. Ademais, todos os especialistas do xénero aceptaban que a banda deseñada en éuscaro tiña pasado por mellores épocas. Segundo parece a reportaxe foi unha predición de que o interese pola banda deseñada vasca estaba a medrar e de que a situación comezaba a mudar.

Este recente interese pola banda deseñada vasca apréciase na blogosfera. Seguramente como resposta á indiferenza das editoriais, e por ser un medio económico, práctico e vencellado á imaxe, hoxe en día ten un lugar especial no ciberespazo. Na blogosfera vasca pódense ler as viñetas diarias da prensa e mesmo números completos de banda deseñada doutras épocas. Tamén existen dous blogs sobre banda deseñada cun público moi interesado e participativo. Destaca o blog de Igor Leturia (<http://eibar.org/blogak/e-gorblog>), un afeccionado á banda deseñada que ofrece información en éuscaro sobre a banda deseñada en xeral, pero incidindo especialmente no cómic vasco. Por outra banda, no blog do autor Andoni Salegi (<http://www.uztarria.com/blogak/salegi>) pódense ler as súas viñetas de *Otsobeltz* (un lobo que encarna a parodia da identidade do pobo de Azpeitia).

3. Conclusións

Tras deste rápido percorrido é posíbel indicar unhas conclusións a grandes trazos, tendo en conta que esta aproximación foi moi breve e rápida.

Nas primeiras achegas a función didáctica e moralizante condicionou a práctica da banda deseñada, que tratou temas e personaxes tradicionais creados con trazos claros e simples e onde a narración lingüística primaba da visual. Ademais, ao ter como obxectivo a alfabetización e a concienciación, o

narrador ofrece unha visión omnisciente que non focaliza personaxes (nin coa palabra nin coa imaxe). O autor, creador dunha cultura industrial, presentaba personaxes rurais que non focalizaba e que miraba dende unha perspectiva xerárquica e moralizante. Este tipo de narración omnisciente era tamén a predominante na literatura vasca desas décadas vinte e trinta.

Tras a Guerra Civil, na revista *Kili-kili* este enfoque da narración muda. Ao ser *Kili-kili* un neno de cidade que lles fala a outros nenos, desaparece a visión omnisciente do narrador e os enfoques do personaxe teñen unha importancia crucial. Deste xeito, en *Kili-kili* a focalización e as proporcións dos recursos narrativos terán un tratamento moi novidoso. Así, as formas narrativas de *Kili-kili* achéganse ás novas formas narrativas e enfoques que comezara a tratar daquela a literatura vasca.

Tras a morte de Franco chegou a modernización da banda deseñada vasca. Tanto na prensa como nas revistas medraron os tipos de narracións e de focalizacións, como estaba a pasar na narrativa vasca deses anos, que conviviron coas formas máis tradicionais.

Pero sobre todo nesa modernización da banda deseñada vasca apréciase a conciencia de ser un xénero artístico coas súas propias regras e características. Da man desta concienciación tamén houbo unha crítica á tradición anterior da banda deseñada, crítica e relectura que se formalizou nas mesmas viñetas, por medio de personaxes irónicos, paródicos e mesmo satíricos.

153

Como repetín moitas veces neste traballo, nestes primeiros anos do século XXI parece que a situación estea a mudar e o interese pola banda deseñada vasca medrou moi considerabelmente. De seguro, estes seguintes anos serán decisivos para saber cara a onde vai ir, e que camiños vai coller.

Iratxe Retolaza
Universidade do País Vasco

Bibliografía

Díaz de Guereñu, Juan Manuel. 2006a. *Habeiko Mik: tentativas para un cómic vasco*, Astiberri/Deustoko Unibertsitatea.

- 2006b. *30x30 gure komikiaren tamaina (1976-2006)/30x30 dimensiones de nuestra historieta (1976-2006)*, Edición Atiza e Michelena.
- Díaz Noci, Javier. 1994. “Los inicios de la prensa vasca: primeros pasos y formas pro-
toperiodísticas (siglos XVII-XIX)”, *Revista Internacional de los Estudios Vascos*, San
Sebastián: Eusko Ikaskuntza, pp. 245-275.
- 2003. “Euskal prentsa Txikiren garaian” [A prensa en éuscaro na época de Txiki],
in *Jon Zabalo Ballarín “Txiki”*, Donostia: Koldo Mitxelena-Gipuzkoako Foru
Aldundia, pp. 31-48 páxinas.
- Muñoz Otaegi, Joxean. 2003. “Txiki Zabalo: kronista grafikoa” [*Txiki Zabalo: cronis-
ta gráfico*] in *Jon Zabalo Ballarín “Txiki”*, Donostia: Koldo Mitxelena-Gipuzkoako
Foru Aldundia, pp. 11-29.
- Unsain, José María e Carlos C. Borra. 2005a. “Aproximación a la historia del cómic
en Euskadi (1936-2004)”, in *Arte aplikatuak II/Artes aplicadas II. Ilustraciones, carte-
les, cómics*, Lasarte: Ostoa.
- Unsain, José María. 2005b. “El humor gráfico en la prensa de Bilbao y San Sebastián
(1865-1936)”, in *Arte aplikatuak I/ Artes aplicadas I. Grabados, viñetas, cómics*,
Lasarte: Ostoa, pp. 40-49.